

Á Mesa da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado **Raúl Fernández Fernández**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre as modificacións que debe introducir a Xunta de Galicia no Decreto 23/2016, do 25 de febreiro, polo que se regula o reinvestimento dos ingresos obtidos polos montes montes veciñais en man común en actuacións de mellora e protección forestal (10/PNC-002317, doc. núm. 29230)

Emenda de modificación

Débese substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- Modificar o Decreto 23/2016 do 25 de febreiro polo que se regula a reinversión dos ingresos obtidos polos montes veciñais en man común en actuacións de mellora e protección forestal para que a tramitación sexa simple.
- Modificar o Decreto 23/2016 do 25 de febreiro para dar un período de amortización de 10 anos para ás contías recibidas polas expropiacións.
- Modificar o Decreto 23/2016 do 25 de febreiro no senso de permitir que os montes veciñais en man común afectados polos lumes, elaboren un plano de investimento por un tempo real e adecuado para asegurar a sustentabilidade da recuperación do monte queimado.”

Pazo do Parlamento, 20 de setembro de 2018

Asdo.: Raúl Fernández Fernández
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga



Grupo Parlamentario

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Raúl Fernández Fernández na data 20/09/2018 16:33:14

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 20/09/2018 16:33:20

Partido dos
Socialistas
de Galicia
